

ASINADO: PRÓRROGA ata o 26/02/16 PAGO A CONTA de 2015 na Nómina de Xaneiro O CONVENIO SEGUE ABERTO

Finalmente, hoxe conseguimos o acordo de prórroga da ultractividade do Convenio e por tanto de continuidade das negociacións. O risco de perda de vixencia que se produciu o 19, e aínda que algúns o minimizan, é o suficientemente importante nas súas consecuencias xurídicas como para celebrar este Acordo.

Hai acordo en que a prórroga do Convenio sexa ata o 26 de febreiro. Hai consenso na Mesa sobre que merece a pena seguir negociando, e en consecuencia pódese remover o obstáculo do fin da ultractividade, a guillotina da reforma laboral contra a negociación colectiva.

Hai acordo en canto ás materias que se seguirán tratando, que son practicamente todas. Asíñase unha listaxe de temas que van delimitando un espazo posible para a negociación e o eventual acordo. Desde a clasificación profesional ao sistema de pagas de beneficios, desde melloras no seguro de vida á redución de horario na semana de festas maiores. Ningunha das partes, con todo, renuncia a ningún das súas formulacións de inicio. O Convenio segue aberto.

Pero, ademais, acórdase un pago a conta do incremento que finalmente se estableza para 2015. Na nómina de Xaneiro -na de Decembro xa non é posible- con efectos do 1 de xaneiro 2015. As diferenzas que nos impediron asinar o pasado luns non son substanciais no económico, que tamén, está claro, pero si nos conceptos.

Finalmente, abonarase un 0,75% sobre o soldo base de Nivel de cada persoa, polo número de pagas anuais que correspondan en cada entidade, segundo esta táboa:



**É tempo de avanzar
É tempo dun bo convenio**

Nivel/Pagas	15,75	16,25	16,50	17,50	18,00	18,50
I	340,35	351,16	356,56	378,17	388,98	399,78
II	294,30	303,64	308,32	327,00	336,34	345,69
III	248,91	256,81	260,76	276,56	284,46	292,37
IV	237,15	244,68	248,44	263,50	271,03	278,56
V	205,05	211,56	214,81	227,83	234,34	240,85
VI	191,99	198,09	201,13	213,32	219,42	225,51
VII	182,41	188,20	191,10	202,68	208,47	214,26
VIII	172,83	178,32	181,06	192,04	197,52	203,01
IX	159,71	164,78	167,32	177,46	182,53	187,60
X	142,30	146,81	149,07	158,11	162,62	167,14
XI	127,86	131,92	133,95	142,07	146,13	150,19

A firmeza de CCOO na defensa do noso Convenio, o rexeitamento sindical e de todo o persoal ao Convenio de recortes salariais e de dereitos que nos vén expondo a AEB permitíronnos chegar ata aquí.

Pero os perigos persisten, polo que segue sendo necesaria, imprescindible, a participación de cada traballador, cada traballadora, para conseguir o Convenio que necesitamos.

Seguimos traballando, seguiremos informando.

afíliate a CC.OO.

Nome e apelidos _____

Banco _____ Oficina _____ Provincia _____

Teléfono _____ Correo electrónico _____

Fainos chegar este boletín, chama ao teu Delegado ou Delegada de CCOO máis próximo, pasa un correo electrónico á sección de CCOO do teu banco, ou envíanos un correo electrónico a bbvaccoservicios@servicios.ccoo.es. No prazo máis breve posible poñerémonos en contacto contigo.



**É tempo de avanzar
É tempo dun bo convenio**